

**REAL DECRETO 4/2010, DO 8 DE XANEIRO, POLO QUE SE REGULA  
O ESQUEMA NACIONAL DE INTEROPERABILIDADE NO ÁMBITO DA  
ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

(BOE núm. 25, do 29/01/2010)

(Última actualización do 08/11/2011: o texto foi actualizado polos equipos  
lingüísticos da Administración de xustiza.)

• Inclúe a corrección de erros publicada no BOE núm. 61, do 11 de marzo de 2010.

**ÍNDICE**

Preámbulo

Cap. I. Disposicións xerais (arts. 1-3)

Art. 1. Obxecto

Art. 2. Definicións

Art. 3. Ámbito de aplicación

Cap. II. Principios básicos (arts. 4-7)

Art. 4. Principios básicos do Esquema Nacional de Interoperabilidade

Art. 5. A interoperabilidade como calidade integral

Art. 6. Carácter multidimensional da interoperabilidade

Art. 7. Enfoque de solucións multilaterais

Cap. III. Interoperabilidade organizativa (arts. 8-9)

Art. 8. Servizos das administracións públicas dispoñibles por medios  
electrónicos

Art. 9. Inventarios de información administrativa

Cap. IV. Interoperabilidade semántica (art. 10)

Art. 10. Activos semánticos

Cap. V. Interoperabilidade técnica (art. 11)

Art. 11. Estándares aplicables

Cap. VI. Infraestruturas e servizos comúns (art. 12)

Art. 12. Uso de infraestruturas e servizos comúns e ferramentas xenéricas

Cap. VII. Comunicaci3ns das administraci3ns p3blicas (arts. 13-15)

Art. 13. Rede de comunicaci3ns das administraci3ns p3blicas espa3olas

Art. 14. Plan de direccionamento da Administraci3n

Art. 15. Hora oficial

Cap. VIII. Reutilizaci3n e transferencia de tecnoloxía (arts. 16-17)

Art. 16. Condici3ns de licenciamiento aplicables

Art. 17. Directorios de aplicaci3ns reutilizables

Cap. IX. Sinatura electr3nica e certificados (arts. 18-20)

Art. 18. Interoperabilidade na polítca de sinatura electr3nica e de certificados

Art. 19. Aspectos de interoperabilidade relativos aos prestadores de servizos de certificaci3n

Art. 20. Plataformas de validaci3n de certificados electr3nicos e de sinatura electr3nica

Cap. X. Recuperaci3n e conservaci3n do documento electr3nico (arts. 21-24)

Art. 21. Condicións para a recuperación e conservación de documentos

Art. 22. Seguridade

Art. 23. Formatos dos documentos

Art. 24. Dixitalización de documentos en soporte papel

Cap. XI. Normas de conformidade (arts. 25-28)

Art. 25. Sedes e rexistros electrónicos

Art. 26. Ciclo de vida de servizos e sistemas

Art. 27. Mecanismo de control

Art. 28. Publicación de conformidade

Cap. XII. Actualización (art. 29)

Art. 29. Actualización permanente

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. Desenvolvemento do Esquema Nacional de Interoperabilidade

Disposición adicional segunda. Formación

Disposición adicional terceira. Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) baseadas en fontes abertas

Disposición adicional cuarta. Instituto Nacional de Tecnoloxías da Comunicación

Disposición adicional quinta. Normativa técnica relativa á reutilización de recursos de información

## Disposicións transitorias

Disposición transitoria primeira. Adecuación de sistemas e servizos

Disposición transitoria segunda. Uso de medios actualmente admitidos de identificación e autenticación

## Disposición derogatoria única

## Disposicións derradeiras

Disposición derradeira primeira. Título habilitante

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento normativo

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

## Anexo. Glosario de termos

# REAL DECRETO 4/2010, DO 8 DE XANEIRO, POLO QUE SE REGULA O ESQUEMA NACIONAL DE INTEROPERABILIDADE NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

(BOE núm. 25, do 29/01/2010)

(Última actualización do 08/11/2011: o texto foi actualizado polos equipos lingüísticos da Administración de xustiza.)

• Inclúe a corrección de erros publicada no BOE núm. 61, do 11 de marzo de 2010.

## RELACIÓN DE NORMAS MODIFICADORAS

• Real decreto 1495/2011, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, para o ámbito do sector público estatal.

## PREÁMBULO

### I

A interoperabilidade é a capacidade dos sistemas de información e dos procedementos a que estes dan soporte de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles. Resulta necesaria para a cooperación, o desenvolvemento, a integración e a prestación de servizos conxuntos polas administracións públicas; para a execución das diversas políticas públicas; para a realización de diferentes principios e dereitos; para a transferencia de tecnoloxía e a reutilización de aplicacións en beneficio dunha mellor eficiencia; para a cooperación entre diferentes aplicacións que habiliten novos servizos; todo iso facilitando o desenvolvemento da administración electrónica e da sociedade da información.

No ámbito das administracións públicas, a consagración do dereito dos cidadáns a se comunicar con elas a través de medios electrónicos comporta unha obriga correlativa das administracións. Esta obriga ten como premisas a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impidan ou dificulten o exercicio pleno do principio de neutralidade tecnolóxica e de adaptabilidade ao

progreso das tecnoloxías da información e das comunicacións, garantindo con iso a independencia na elección das alternativas tecnolóxicas polos cidadáns, así como a liberdade de desenvolver e implantar os avances tecnolóxicos nun ámbito de libre mercado.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, reconece o protagonismo da interoperabilidade e refírese a ela como un dos aspectos en que é obrigado que as previsións normativas sexan comúns e debe ser, por tanto, abordado pola regulación do Estado. A interoperabilidade recóllese dentro do principio de cooperación no artigo 4 e ten un protagonismo singular no título cuarto dedicado á cooperación entre administracións para o impulso da administración electrónica. No dito título o aseguramento da interoperabilidade dos sistemas e aplicacións empregados polas administracións públicas figura no artigo 40 entre as funcións do órgano de cooperación nesta materia, o Comité Sectorial de Administración Electrónica. A continuación, o artigo 41 refírese á aplicación por parte das administracións públicas das medidas informáticas, tecnolóxicas e organizativas, e de seguridade, que garantan un adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa e eviten discriminación aos cidadáns por razón da súa elección tecnolóxica. E, seguidamente, o artigo 42.1 crea o Esquema Nacional de Interoperabilidade, que comprenderá o conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización que deberán ser tidos en conta polas administracións públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade, entre estas e cos cidadáns.

A finalidade do Esquema Nacional de Interoperabilidade é a creación das condicións necesarias para garantir o adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa dos sistemas e aplicacións empregados polas administracións públicas, que permita o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes a través do acceso electrónico aos servizos públicos, á vez que redunda en beneficio da eficacia e a eficiencia.

O Esquema Nacional de Interoperabilidade ten presentes as recomendacións da Unión Europea, a situación tecnolóxica das diferentes administracións públicas, así como os servizos electrónicos existentes nelas, a utilización de estándares abertos, así como, se é o caso, e de forma complementaria, estándares de uso xeneralizado polos cidadáns.

A súa articulación realizouse atendendo á normativa nacional sobre acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, protección de datos de carácter persoal, sinatura electrónica e documento nacional de identidade electrónico, accesibilidade, uso de linguas oficiais, reutilización da información no sector público e órganos colexiados responsables da administración electrónica. Tivéronse en conta outros instrumentos, tales como o Esquema Nacional de Seguridade, desenvolvido ao abeiro do disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, ou antecedentes como os criterios de seguridade, normalización e conservación das aplicacións utilizadas para o exercicio de potestades.

En termos das recomendacións da Unión Europea aténdese ao Marco Europeo de Interoperabilidade, elaborado polo programa comunitario IDABC, así como a outros instrumentos e actuacións elaborados por este programa e que inciden nalgún dos múltiples aspectos da interoperabilidade, tales como o Centro Europeo de Interoperabilidade Semántica, o Observatorio e Repositorio de Software de Fontes Abertas e a Licenza Pública da Unión Europea. Tamén se atende á Decisión 922/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, relativa ás solucións de interoperabilidade para as administracións públicas europeas, aos plans de acción sobre administración electrónica en materia de interoperabilidade e de aspectos relacionados, particularmente, coa política comunitaria de compartir, reutilizar e colaborar.

### III

Este real decreto límitase a establecer os criterios e as recomendacións, xunto cos principios específicos necesarios, que permitan e favorezan o desenvolvemento da interoperabilidade nas administracións públicas desde unha perspectiva global e non fragmentaria, de acordo co interese xeral,

natureza e complexidade da materia regulada, no ámbito da Lei 11/2007, do 22 de xuño, co obxecto de conseguir un común denominador normativo.

En consecuencia, o Esquema Nacional de Interoperabilidade atende a todos aqueles aspectos que conforman de maneira global a interoperabilidade. En primeiro lugar, aténdese ás dimensións organizativa, semántica e técnica a que se refire o artigo 41 da Lei 11/2007, do 22 de xuño; en segundo lugar, trátanse os estándares, que a Lei 11/2007, do 22 de xuño, pon ao servizo da interoperabilidade así como da independencia na elección das alternativas tecnolóxicas e do dereito dos cidadáns a elixir as aplicacións ou sistemas para se relacionar coas administracións públicas; en terceiro lugar, trátanse as infraestruturas e os servizos comúns, elementos recoñecidos de dinamización, simplificación e propagación da interoperabilidade, á vez que facilitadores da relación multilateral; en cuarto lugar, trátase a reutilización, aplicada ás aplicacións das administracións públicas, da documentación asociada e doutros obxectos de información, dado que a voz «compartir» se encontra presente na definición de interoperabilidade recollida na Lei 11/2007, do 22 de xuño, e xunto con «reutilizar», ambas son relevantes para a interoperabilidade e encóntranse entroncadas coas políticas da Unión Europea en relación coa idea de compartir, reutilizar e colaborar; en quinto lugar, trátase a interoperabilidade da sinatura electrónica e dos certificados; por último, aténdese á conservación, segundo o establecido na citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, como manifestación da interoperabilidade ao longo do tempo, e que afecta de forma singular o documento electrónico.

Nesta norma faise referencia á interoperabilidade como un proceso integral, no cal non caben actuacións puntuais ou tratamentos conxunturais, debido a que a debilidade dun sistema a determina o seu punto máis fráxil e, a miúdo, este punto é a coordinación entre medidas individualmente adecuadas pero deficientemente ensambladas.

A norma estrutúrase en doce capítulos, catro disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, tres disposicións derradeiras e un anexo cun glosario de termos.



O Esquema Nacional de Interoperabilidade remítese ao Esquema Nacional de Seguridade para as cuestións relativas en materia de seguridade que vaian máis alá dos aspectos necesarios para garantir a interoperabilidade.

Este real decreto apróbase en aplicación do disposto na disposición derradeira oitava da Lei 11/2007, do 22 de xuño e, de acordo co disposto no artigo 42, número 3, e disposición derradeira primeira da dita norma, elaborouse coa participación de todas as administracións públicas ás cales lles é de aplicación, a Comisión Permanente do Consello Superior de Administración Electrónica, a Conferencia Sectorial de Administración Pública e a Comisión Nacional de Administración Local emitiron informe favorable; e foi sometido ao previo informe da Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo, someteuse á audiencia dos cidadáns segundo as previsións establecidas no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xaneiro de 2010,

## **DISPOÑO:**

### **CAPÍTULO I**

#### **Disposicións xerais**

##### **Artigo 1. Obxecto.**

1. Este real decreto ten por obxecto regular o Esquema Nacional de Interoperabilidade establecido no artigo 42 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.
2. O Esquema Nacional de Interoperabilidade comprenderá os criterios e recomendacións de seguridade, normalización e conservación da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas administracións públicas para asegurar un adecuado nivel de interoperabilidade organizativa, semántica e técnica dos datos, informacións e servizos que

xestionen no exercicio das súas competencias e para evitar a discriminación aos cidadáns por razón da súa elección tecnolóxica.

## **Artigo 2. Definicións.**

Para os efectos previstos neste real decreto, as definicións, palabras, expresións e termos entenderanse no sentido indicado no glosario de termos incluído no anexo.

• Redactado consoante a corrección de erros publicada no BOE núm. 61, do 11 de marzo de 2010.
---

## **Artigo 3. Ámbito de aplicación.**

1. O ámbito de aplicación deste real decreto será o establecido no artigo 2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. O Esquema Nacional de Interoperabilidade e as súas normas de desenvolvemento prevalecerán sobre calquera outro criterio en materia de política de interoperabilidade na utilización de medios electrónicos para o acceso dos cidadáns aos servizos públicos.

## **CAPÍTULO II**

### **Principios básicos**

#### **Artigo 4. Principios básicos do Esquema Nacional de Interoperabilidade.**

A aplicación do Esquema Nacional de Interoperabilidade desenvolverase de acordo cos principios xerais establecidos no artigo 4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e cos seguintes principios específicos da interoperabilidade:

- a) A interoperabilidade como calidade integral.
- b) Carácter multidimensional da interoperabilidade.
- c) Enfoque de solucións multilaterais.

#### **Artigo 5. A interoperabilidade como calidade integral.**

A interoperabilidade terase presente de forma integral desde a concepción dos servizos e sistemas e ao longo do seu ciclo de vida: planificación, deseño, adquisición, construción, despregamento, explotación, publicación, conservación e acceso ou interconexión con eles.

#### **Artigo 6. Carácter multidimensional da interoperabilidade.**

A interoperabilidade entenderase considerando as súas dimensións organizativa, semántica e técnica. A cadea de interoperabilidade maniféstase na práctica nos acordos interadministrativos, no despregamento dos sistemas e servizos, na determinación e uso de estándares, nas infraestruturas e servizos básicos das administracións públicas e na publicación e reutilización das aplicacións das administracións públicas, da documentación asociada e doutros obxectos de información. Todo iso sen esquecer a dimensión temporal que debe garantir o acceso á información ao longo do tempo.

#### **Artigo 7. Enfoque de solucións multilaterais.**

Favorecerase a aproximación multilateral á interoperabilidade de forma que se poidan obter as vantaxes derivadas do escalado, da aplicación das arquitecturas modulares e multiplataforma, de compartir, de reutilizar e de colaborar.

### **CAPÍTULO III**

#### **Interoperabilidade organizativa**

#### **Artigo 8. Servizos das administracións públicas dispoñibles por medios electrónicos.**

1. As administracións públicas establecerán e publicarán as condicións de acceso e utilización dos servizos, datos e documentos en formato electrónico que poñan á disposición do resto de administracións especificando as finalidades, as modalidades de consumo, consulta ou interacción, os requisitos que deben satisfacer os seus posibles usuarios, os perfís dos participantes implicados na utilización dos servizos, os protocolos e criterios funcionais ou

técnicos necesarios para acceder aos ditos servizos, os necesarios mecanismos de goberno dos sistemas interoperables, así como as condicións de seguridade aplicables. Estas condicións deberán, en todo caso, resultar conformes aos principios, dereitos e obrigas contidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento, así como ao disposto no Esquema Nacional de Seguridade, e os instrumentos xurídicos que deberán subscribir as administracións públicas requiridoras dos ditos servizos, datos e documentos.

Potenciarase o establecemento de convenios entre as administracións públicas emisoras e receptoras e, en particular, cos nodos de interoperabilidade previstos no número 3 deste artigo, co obxectivo de simplificar a complexidade organizativa sen menoscabo das garantías xurídicas.

Co obxecto de dar cumprimento de maneira eficaz ao establecido no artigo 9 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, no Comité Sectorial de Administración Electrónica identificaranse, catalogaranse e priorizaranse os servizos de interoperabilidade que deberán prestar as diferentes administracións públicas.

2. As administracións públicas publicarán aqueles servizos que poñan á disposición das demais administracións a través da Rede de comunicacións das administracións públicas españolas, ou de calquera outra rede equivalente ou conectada a esta que garanta o acceso seguro ao resto de administracións.

3. As administracións públicas poderán utilizar nodos de interoperabilidade, entendidos como entidades ás cales se lles encomenda a xestión de seccións globais ou parciais da interoperabilidade organizativa, semántica ou técnica.

## **Artigo 9. Inventarios de información administrativa.**

1. As administracións públicas manterán actualizado un inventario de información administrativa, que incluíra os procedementos administrativos e servizos que prestan de forma clasificada e estruturados en familias, con indicación do seu nivel de informatización.

Así mesmo, manterán unha relación actualizada dos seus órganos administrativos e oficinas de rexistro e atención ao cidadán, e as súas relacións entre eles. Os ditos órganos e oficinas codificaranse de forma unívoca e esta codificación difundirase entre as administracións públicas.

2. Cada administración pública regulará a forma de creación e mantemento deste inventario, que se enlazará e interoperará co inventario da Administración xeral do Estado nas condicións que determinen ambas as partes e no marco do previsto neste real decreto; se é o caso, as administracións públicas poderán facer uso do citado inventario centralizado para a creación e mantemento dos seus propios inventarios. Para a descrición e modelización dos procedementos administrativos e dos procesos que os soportan será de aplicación o previsto sobre estándares no artigo 11.

## **CAPÍTULO IV**

### **Interoperabilidade semántica**

#### **Artigo 10. Activos semánticos.**

1. Establecerase e manterase actualizada a relación de modelos de datos de intercambio que teñan o carácter de comúns, que serán de preferente aplicación para os intercambios de información nas administracións públicas, de acordo co procedemento establecido na disposición adicional primeira.

2. Os órganos da Administración pública ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquela, titulares de competencias en materias suxeitas a intercambio de información cos cidadáns e con outras administracións públicas, así como en materia de infraestruturas, servizos e ferramentas comúns, establecerán e publicarán os correspondentes modelos de datos de intercambio que serán de obrigatoria aplicación para os intercambios de información nas administracións públicas.

3. Os modelos de datos aos cales se refiren os números 1 e 2 axustaranse ao previsto sobre estándares no artigo 11 e publicaranse, xunto coas definicións e

codificacións asociadas, a través do Centro de Interoperabilidade Semántica da Administración, segundo as condicións de licenciamiento previstas no artigo 16.

4. As definicións e codificacións empregadas nos modelos de datos aos cales se refiren os números anteriores terán en conta o disposto na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública e o resto de disposicións que regulan a función estatística.

## **CAPÍTULO V**

### **Interoperabilidade técnica**

#### **Artigo 11. Estándares aplicables.**

1. As administracións públicas usarán estándares abertos, así como, se é o caso e de forma complementaria, estándares que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns, co obxecto de garantir a independencia na elección de alternativas tecnolóxicas polos cidadáns e as administracións públicas e a adaptabilidade ao progreso da tecnoloxía e de forma que:

a) Os documentos e servizos de administración electrónica que os órganos ou entidades de dereito público emisores poñan á disposición dos cidadáns ou doutras administracións públicas estarán, como mínimo, dispoñibles mediante estándares abertos.

b) Os documentos, servizos electrónicos e aplicacións postos polas administracións públicas á disposición dos cidadáns ou doutras administracións públicas serán, segundo corresponda, visualizables, accesibles e funcionalmente operables en condicións que permitan satisfacer o principio de neutralidade tecnolóxica e eviten a discriminación aos cidadáns por razón da súa elección tecnolóxica.

2. Nas relacións cos cidadáns e con outras administracións públicas, o uso en exclusiva dun estándar non aberto sen que se ofrezca unha alternativa baseada nun estándar aberto limitarase a aquelas circunstancias en que non se dispoña dun estándar aberto que satisfaga a funcionalidade satisfeita polo estándar non

aberto en cuestión e só mentres a dita dispoñibilidade non se produza. As administracións públicas promoverán as actividades de normalización co fin de facilitar a dispoñibilidade dos estándares abertos relevantes para as súas necesidades.

3. Para a selección de estándares en xeral e para o establecemento do catálogo de estándares en particular atenderase aos seguintes criterios:

a) As definicións de norma e especificación técnica establecidas na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas.

b) A definición de estándar aberto establecida na Lei 11/2007, do 22 de xuño, anexo, letra k).

c) Carácter de especificación formalizada.

d) Definición de «custo que non supoña unha dificultade de acceso», establecida no anexo deste real decreto.

e) Consideracións adicionais referidas á adecuación do estándar ás necesidades e funcionalidade requiridas; ás condicións relativas ao seu desenvolvemento, uso ou implementación, documentación dispoñible e completa, publicación, e gobernanza do estándar; ás condicións relativas á madurez, apoio e adopción deste por parte do mercado, ao seu potencial de reutilización, á aplicabilidade multiplataforma e multicanle e á súa implementación baixo diversos modelos de desenvolvemento de aplicacións.

4. Para o uso dos estándares complementarios á selección indicada no número anterior terase en conta a definición de «uso xeneralizado polos cidadáns» establecida no anexo deste real decreto.

5. En calquera caso os cidadáns poderán elixir as aplicacións ou sistemas para se relacionaren coas administracións públicas, ou se dirixiren a elas, sempre e cando utilicen estándares abertos ou, se é o caso, aqueloutros que sexan de

uso xeneralizado polos cidadáns. Para facilitar a interoperabilidade coas administracións públicas, o catálogo de estándares conterá unha relación de estándares abertos e, se é o caso, complementarios aplicables.

<p>• Apartado 4 redactado consoante a corrección de erros publicada no BOE núm. 61, do 11 de marzo de 2010.</p>
---

## **CAPÍTULO VI**

### **Infraestruturas e servizos comúns**

#### **Artigo 12. Uso de infraestruturas e servizos comúns e ferramentas xenéricas.**

As administracións públicas enlazarán aquelas infraestruturas e servizos que poidan implantar no seu ámbito de actuación coas infraestruturas e servizos comúns que proporcione a Administración xeral do Estado para facilitar a interoperabilidade e a relación multilateral no intercambio de información e de servizos entre todas as administracións públicas.

## **CAPÍTULO VII**

### **Comunicacións das administracións públicas**

#### **Artigo 13. Rede de comunicacións das administracións públicas españolas.**

1. Co obxecto de satisfacer o previsto no artigo 43 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, as administracións públicas utilizarán preferentemente a Rede de comunicacións das administracións públicas españolas para comunicarse entre si, para o cal conectarán a esta, ben as súas respectivas redes, ben os seus nodos de interoperabilidade, de forma que se facilite o intercambio de información e de servizos entre elas, así como a interconexión coas redes das Institucións da Unión Europea e doutros Estados membros.

A rede SARA prestará a citada Rede de comunicacións das administracións públicas españolas.



2. Para a conexión á Rede de comunicacións das administracións públicas españolas serán de aplicación os requisitos previstos na disposición adicional primeira.

#### **Artigo 14. Plan de direccionamento da Administración.**

As administracións públicas aplicarán o Plan de direccionamento e interconexión de redes na Administración, aprobado polo Consello Superior de Administración Electrónica, para a súa interconexión a través das redes de comunicacións das administracións públicas.

#### **Artigo 15. Hora oficial.**

1. Os sistemas ou aplicacións implicados na provisión dun servizo público por vía electrónica sincronizaranse coa hora oficial, cunha precisión e desfase que garantan a certeza dos prazos establecidos no trámite administrativo que satisfán.

2. A sincronización da data e a hora realizarase co Real Instituto e Observatorio da Armada, de conformidade co previsto sobre a hora legal no Real decreto 1308/1992, do 23 de outubro, polo que se declara o Laboratorio do Real Instituto e Observatorio da Armada como laboratorio depositario do patrón nacional de tempo e laboratorio asociado ao Centro Español de Metroloxía e, cando sexa posible, coa hora oficial a nivel europeo.

### **CAPÍTULO VIII**

#### **Reutilización e transferencia de tecnoloxía**

#### **Artigo 16. Condicións de licenciamiento aplicables.**

1. As condicións de licenciamiento das aplicacións e da documentación asociada e doutros obxectos de información dos cales as administracións públicas sexan titulares dos dereitos de propiedade intelectual e que estas poidan poñer á disposición doutras administracións públicas e dos cidadáns, sen contraprestación e sen necesidade de convenio, terán en conta que o fin perseguido é o aproveitamento e a reutilización, así como a protección contra a

súa apropiación en exclusiva por parte de terceiros, en condicións tales que eximan de responsabilidade o cedente polo posible mal uso por parte do cesionario, así como a non obriga á asistencia técnica ou ao mantemento por parte do cedente, nin de compensación ningunha en caso de erros na aplicación.

2. As administracións utilizarán para as aplicacións que declaren como de fontes abertas aquelas licenzas que aseguren que os programas, datos ou información que se comparten:

a) Se poden executar para calquera propósito.

b) Permiten coñecer o seu código fonte.

c) Se poden modificar ou mellorar.

d) Se poden redistribuír a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

3. Para este fin procurárase a aplicación da licenza pública da Unión Europea, sen prexuízo doutras licenzas que garantan os mesmos dereitos expostos nos números 1 e 2.

### **Artigo 17. Directorios de aplicacións reutilizables.**

1. A Administración xeral do Estado manterá o directorio de aplicacións para a súa libre reutilización ao cal se poderá acceder a través do Centro de Transferencia de Tecnoloxía.

2. As administracións públicas enlazarán os directorios de aplicacións para a súa libre reutilización aos cales se refire o artigo 46 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, entre si, e con instrumentos equivalentes do ámbito da Unión Europea.

3. As administracións públicas deberán ter en conta as solucións dispoñibles para a libre reutilización que poidan satisfacer total ou parcialmente as necesidades dos novos sistemas e servizos ou a mellora e actualización dos xa implantados.

4. As administracións públicas procurarán a publicación do código das aplicacións, en desenvolvemento ou finalizadas, nos directorios de aplicacións para a súa libre reutilización co fin de favorecer as actuacións de compartir, reutilizar e colaborar, en beneficio dunha mellor eficiencia.

## **CAPÍTULO IX**

### **Sinatura electrónica e certificados**

#### **Artigo 18. Interoperabilidade na política de sinatura electrónica e de certificados.**

1. A Administración xeral do Estado definirá unha política de sinatura electrónica e de certificados que servirá de marco xeral de interoperabilidade para a autenticación e o recoñecemento mutuo de sinaturas electrónicas dentro do seu ámbito de actuación. Non obstante, esta política poderá ser utilizada como referencia por outras administracións públicas para definir as políticas de certificados e sinaturas a recoñecer dentro dos seus ámbitos competenciais.

2. As administracións públicas aprobarán e publicarán a súa política de sinatura electrónica e de certificados partindo da norma técnica establecida para tal efecto na disposición adicional primeira, que poderá convivir xunto con outras políticas particulares para unha transacción determinada nun contexto concreto.

3. As administracións públicas receptoras de documentos electrónicos asinados permitirán a validación das sinaturas electrónicas contra a política de sinatura indicada na sinatura do documento electrónico, sempre que esta política de sinatura se encontre dentro das admitidas por cada Administración pública para o recoñecemento mutuo ou multilateral con outras administracións públicas.

4. Os perfís comúns dos campos dos certificados definidos pola política de sinatura electrónica e de certificados posibilitarán a interoperabilidade entre as aplicacións usuarias, de maneira que tanto a identificación como a sinatura electrónica xerada a partir destes perfís comúns poidan ser recoñecidas polas

aplicacións das distintas administracións públicas sen ningún tipo de restrición técnica, semántica ou organizativa. Os ditos certificados serán os definidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica e os seus desenvolvementos normativos.

5. A política de sinatura electrónica e de certificados, mencionada no punto primeiro deste artigo, establecerá as características técnicas e operativas da lista de prestadores de servizos de certificación de confianza, que recollerá os certificados recoñecidos e interoperables entre as administracións públicas e que se consideren fiables para cada nivel de aseguramento concreto, tanto no ámbito nacional como europeo. A lista que estableza a Administración xeral do Estado poderá ser utilizada como referencia por outras administracións públicas para definir as súas listas de servizos de confianza para aplicación dentro dos seus ámbitos competenciais.

6. As aplicacións usuarias de certificados electrónicos e sinatura electrónica:

a) Ateranse á política de sinatura electrónica e de certificados aplicable no seu ámbito en relación cos diversos aspectos previstos e, particularmente, coa aplicación dos datos obrigatorios e opcionais, as regras de creación e validación de sinatura electrónica, os algoritmos que se utilicen e lonxitudes de clave mínimas aplicables.

b) Permitirán os mecanismos de acreditación e representación dos cidadáns en materia de identificación e sinatura electrónica, previstos na normativa correspondente.

### **Artigo 19. Aspectos de interoperabilidade relativos aos prestadores de servizos de certificación.**

1. De acordo co previsto no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, sobre obrigas dos prestadores de servizos de certificación, en relación coa interoperabilidade, os ditos prestadores cumprirán co indicado nos puntos seguintes.

2. En relación coa interoperabilidade organizativa, os prestadores dos servizos de certificación disporán do seguinte, descrito na súa declaración de prácticas de certificación:

a) Establecemento dos usos dos certificados expedidos de acordo cun perfil dado e os seus posibles límites de uso.

b) Prácticas ao xerar os certificados que permitan posteriormente a aplicación duns mecanismos de descubrimento e extracción inequívoca dos datos de identidade do certificado.

c) Definición da información dos certificados ou relacionada con eles que será publicada por parte do prestador, debidamente catalogada.

d) Definición dos posibles estados en que un certificado se poida encontrar ao longo do seu ciclo de vida.

e) Os niveis de acordo de servizo definidos e caracterizados para os servizos de validación e de selaxe de data e hora.

3. En relación coa interoperabilidade semántica, os prestadores de servizos de certificación aplicarán o seguinte, descrito na súa declaración de prácticas de certificación:

a) A definición dos perfís de certificados que describirán, mediante mínimos, o contido obrigatorio e opcional dos diferentes tipos de certificados que emiten, así como a información acerca da sintaxe e semántica dos ditos contidos.

b) Establecemento dos campos cuxa unicidade de información permitirá o seu uso en labores de identificación.

4. En relación coa interoperabilidade técnica, os prestadores dos servizos de certificación aplicarán o seguinte, descrito na súa declaración de prácticas de certificación:

a) Os estándares relativos a políticas e prácticas de certificación e xeración de certificados electrónicos, estado dos certificados, dispositivos seguros de

creación de sinatura, programas controladores, dispositivos criptográficos, interfaces de programación, tarxetas criptográficas, conservación de documentación relativa aos certificados e servizos, límites dos certificados, conforme o establecido no artigo 11.

b) A incorporación, dentro dos certificados, de información relativa aos enderezos da internet onde se ofrecen servizos de validación por parte dos prestadores.

c) Os mecanismos de publicación e de depósito de certificados e documentación asociada admitidos entre administracións públicas.

## **Artigo 20. Plataformas de validación de certificados electrónicos e de sinatura electrónica.**

1. As plataformas de validación de certificados electrónicos e de sinatura electrónica ofrecerán servizos de confianza ás aplicacións usuarias ou consumidoras dos servizos de certificación e sinatura, proporcionando servizos de validación dos certificados e sinaturas xeradas e admitidas en diversos ámbitos das administracións públicas.

2. Proporcionarán, nun único punto de chamada, todos os elementos de confianza e de interoperabilidade organizativa, semántica e técnica necesarios para integrar os distintos certificados recoñecidos e sinaturas que se poden encontrar nos dominios de dúas administracións diferentes.

3. Potenciarán a harmonización técnica e a utilización común de formatos, estándares e políticas de sinatura electrónica e de certificados para as sinaturas electrónicas entre as aplicacións usuarias, e doutros elementos de interoperabilidade relacionados cos certificados, tales como a análise dos campos e extracción unívoca da información pertinente. En particular, teranse en conta os estándares europeos das organizacións europeas de estandarización no campo das tecnoloxías de información e comunicación aplicadas á sinatura electrónica.

4. Incorporarán as listas de confianza dos certificados interoperables entre as distintas administracións públicas nacionais e europeas segundo o esquema operativo de xestión correspondente da lista de confianza.

## **CAPÍTULO X**

### **Recuperación e conservación do documento electrónico**

#### **Artigo 21. Condicións para a recuperación e conservación de documentos.**

1. As administracións públicas adoptarán as medidas organizativas e técnicas necesarias co fin de garantir a interoperabilidade en relación coa recuperación e conservación dos documentos electrónicos ao longo do seu ciclo de vida. Tales medidas incluírán:

a) A definición dunha política de xestión de documentos en canto ao tratamento, de acordo coas normas e procedementos específicos que se deban utilizar na formación e xestión dos documentos e expedientes.

b) A inclusión nos expedientes dun índice electrónico asinado polo órgano ou entidade actuante que garanta a integridade do expediente electrónico e permita a súa recuperación.

c) A identificación única e inequívoca de cada documento por medio de convencións adecuadas, que permitan clasificalo, recuperalo e referirse a el con facilidade.

d) A asociación dos metadatos mínimos obrigatorios e, se é o caso, complementarios, asociados ao documento electrónico, ao longo do seu ciclo de vida, e incorporación ao esquema de metadatos.

e) A clasificación, de acordo cun plan de clasificación adaptado ás funcións, tanto xerais como específicas, de cada unha das administracións públicas e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas.

f) O período de conservación dos documentos, establecido polas comisións cualificadoras que correspondan, de acordo coa lexislación en vigor, as normas administrativas e obrigas xurídicas que resulten de aplicación en cada caso.

g) O acceso completo e inmediato aos documentos a través de métodos de consulta en liña que permitan a visualización dos documentos con todo o detalle do seu contido, a recuperación exhaustiva e pertinente dos documentos, a copia ou descarga en liña nos formatos orixinais e a impresión en papel daqueles documentos que sexan necesarios. O sistema permitirá a consulta durante todo o período de conservación polo menos da sinatura electrónica, incluído, se é o caso, o selo de tempo e dos metadatos asociados ao documento.

h) A adopción de medidas para asegurar a conservación dos documentos electrónicos ao longo do seu ciclo de vida, de acordo co previsto no artigo 22, de forma que se poida asegurar a súa recuperación de acordo co prazo mínimo de conservación determinado polas normas administrativas e obrigas xurídicas, se garanta a súa conservación a longo prazo, se asegure o seu valor probatorio e a súa fiabilidade como evidencia electrónica das actividades e procedementos, así como a transparencia, a memoria e a identificación dos órganos das administracións públicas e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas que exercen a competencia sobre o documento ou expediente.

i) A coordinación horizontal entre o responsable de xestión de documentos e os restantes servizos interesados en materia de arquivos.

j) Transferencia, se é o caso, dos expedientes entre os diferentes repositorios electrónicos para os efectos de conservación, de acordo co establecido na lexislación en materia de arquivos, de maneira que se poida asegurar a súa conservación e recuperación a medio e longo prazo.

k) Se o resultado do procedemento de avaliación documental así o establece, borrado da información ou, se é o caso, a destrución física dos soportes, de



acordo coa lexislación que resulte de aplicación, deixando rexistro da súa eliminación.

l) A formación tecnolóxica do persoal responsable da execución e do control da xestión de documentos, como do seu tratamento e conservación en arquivos ou repositorios electrónicos.

m) A documentación dos procedementos que garantan a interoperabilidade a medio e longo prazo, así como as medidas de identificación, recuperación, control e tratamento dos documentos electrónicos.

2. Para os efectos do disposto no número 1, as administracións públicas crearán repositorios electrónicos, complementarios e equivalentes en canto á súa función aos arquivos convencionais, destinados a cubrir o conxunto do ciclo de vida dos documentos electrónicos.

## **Artigo 22. Seguridade.**

1. Para asegurar a conservación dos documentos electrónicos aplicarase o previsto no Esquema Nacional de Seguridade en canto ao cumprimento dos principios básicos e dos requisitos mínimos de seguridade mediante a aplicación das medidas de seguridade adecuadas aos medios e soportes en que se almacenen os documentos, de acordo coa categorización dos sistemas.

2. Cando os citados documentos electrónicos conteñan datos de carácter persoal seralles de aplicación o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e normativa de desenvolvemento.

3. Estas medidas aplicaranse co fin de garantir a integridade, autenticidade, confidencialidade, dispoñibilidade, rastrexabilidade, calidade, protección, recuperación e conservación física e lóxica dos documentos electrónicos, os seus soportes e medios, e realizaranse atendendo aos riscos a que poidan estar expostos e aos prazos durante os cales se deban conservar os documentos.

4. Os aspectos relativos á sinatura electrónica na conservación do documento electrónico estableceranse na política de sinatura electrónica e de certificados, e a través do uso de formatos de sinatura lonxeva que preserven a conservación das sinaturas ao longo do tempo.

Cando a sinatura e os certificados non poidan garantir a autenticidade e a evidencia dos documentos electrónicos ao longo do tempo, estas sobreviranlles a través da súa conservación e custodia nos repositorios e arquivos electrónicos, así como dos metadatos de xestión de documentos e outros metadatos vinculados, de acordo coas características que se definirán na política de xestión de documentos.

### **Artigo 23. Formatos dos documentos.**

1. Co fin de garantir a conservación, o documento conservarase no formato en que fose elaborado, enviado ou recibido, e preferentemente nun formato correspondente a un estándar aberto que preserve ao longo do tempo a integridade do contido do documento, da sinatura electrónica e dos metadatos que o acompañan.

2. A elección de formatos de documento electrónico normalizados e perdurables para asegurar a independencia dos datos dos seus soportes realizarase de acordo co previsto no artigo 11.

3. Cando exista risco de obsolescencia do formato ou ben deixe de figurar entre os admitidos no presente Esquema Nacional de Interoperabilidade, aplicaranse procedementos normalizados de copiado auténtico dos documentos con cambio de formato, de etiquetaxe con información do formato utilizado e, se é o caso, das migracións ou conversións de formatos.

### **Artigo 24. Dixitalización de documentos en soporte papel.**

1. A dixitalización de documentos en soporte papel por parte das administracións públicas realizarase de acordo co indicado na norma técnica de interoperabilidade correspondente en relación cos seguintes aspectos:

a) Formatos estándares de uso común para a dixitalización de documentos en soporte papel e técnica de compresión empregada, de acordo co previsto no artigo 11.

b) Nivel de resolución.

c) Garantía de imaxe fiel e íntegra.

d) Metadatos mínimos obrigatorios e complementarios, asociados ao proceso de dixitalización.

2. A xestión e conservación do documento electrónico dixitalizado atenderá á súa posible existencia noutro soporte.

## **CAPÍTULO XI**

### **Normas de conformidade**

#### **Artigo 25. Sedes e rexistros electrónicos.**

A interoperabilidade das sedes e rexistros electrónicos, así como a do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, rexeranse polo establecido no Esquema Nacional de Interoperabilidade.

#### **Artigo 26. Ciclo de vida de servizos e sistemas.**

A conformidade co Esquema Nacional de Interoperabilidade incluírase no ciclo de vida dos servizos e sistemas, acompañada dos correspondentes procedementos de control.

#### **Artigo 27. Mecanismo de control.**

Cada órgano ou entidade de dereito público establecerá os seus mecanismos de control para garantir, de forma efectiva, o cumprimento do Esquema Nacional de Interoperabilidade.

#### **Artigo 28. Publicación de conformidade.**

Os órganos e as entidades de dereito público das administracións públicas darán publicidade, nas correspondentes sedes electrónicas, ás declaracións de conformidade e a outros posibles distintivos de interoperabilidade de que sexan acredores, obtidos respecto ao cumprimento do Esquema Nacional de Interoperabilidade.

## **CAPÍTULO XII**

### **Actualización**

#### **Artigo 29. Actualización permanente.**

O Esquema Nacional de Interoperabilidade deberase manter actualizado de maneira permanente. Desenvolverase e perfeccionarase ao longo do tempo, en paralelo ao progreso dos servizos de Administración electrónica, da evolución tecnolóxica e a medida que se vaian consolidando as infraestruturas que o apoian.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Disposición adicional primeira. Desenvolvemento do Esquema Nacional de Interoperabilidade.**

1. Desenvolveranse as seguintes normas técnicas de interoperabilidade que serán de obrigado cumprimento por parte das administracións públicas:

a) Catálogo de estándares: establecerá un conxunto de estándares que satisfagan o previsto no artigo 11 de forma estruturada e con indicación dos criterios de selección e ciclo de vida aplicados.

b) Documento electrónico: tratará os metadatos mínimos obrigatorios, a asociación dos datos e metadatos de sinatura ou de selaxe de tempo, así como outros metadatos complementarios asociados; e os formatos de documento.

c) Dixitalización de documentos: tratará os formatos e estándares aplicables, os niveis de calidade, as condicións técnicas e os metadatos asociados ao proceso de dixitalización.

d) Expediente electrónico: tratará da súa estrutura e formato, así como das especificacións dos servizos de remisión e posta á disposición.

e) Política de sinatura electrónica e de certificados da Administración: tratará, entre outras cuestións recollidas na súa definición no anexo, aquelas que afectan a interoperabilidade incluíndo os formatos de sinatura, os algoritmos que se van utilizar e lonxitudes mínimas das claves, as regras de creación e validación da sinatura electrónica, a xestión das políticas de sinatura, o uso das referencias temporais e de selo de tempo, así como a normalización da representación da sinatura electrónica en pantalla e en papel para o cidadán e nas relacións entre as administracións públicas.

f) Protocolos de intermediación de datos: tratará as especificacións dos protocolos de intermediación de datos que faciliten a integración e reutilización de servizos nas administracións públicas e que serán de aplicación para os prestadores e consumidores de tales servizos.

g) Relación de modelos de datos que teñan o carácter de comúns na Administración e aqueles que se refiran a materias suxeitas a intercambio de información cos cidadáns e outras administracións.

h) Política de xestión de documentos electrónicos: incluírá directrices para a asignación de responsabilidades, tanto directivas como profesionais, e a definición dos programas, procesos e controis de xestión de documentos e administración dos repositorios electrónicos, e a documentación deles, que desenvolverán as administracións públicas e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas.

i) Requisitos de conexión á Rede de comunicacións das administracións públicas españolas.

j) Procedementos de copiado auténtico e conversión entre documentos electrónicos, así como desde papel ou outros medios físicos a formatos electrónicos.

k) Modelo de datos para o intercambio de asentos entre as entidades rexistradas: tratará de aspectos funcionais e técnicos para o intercambio de asentos rexistrados, xestión de erros e excepcións, xestión de anexos, requirimentos tecnolóxicos e transformacións de formatos.

l) Reutilización de recursos de información: tratará das normas comúns sobre a localización, a descrición e a identificación unívoca dos recursos de información postos á disposición do público por medios electrónicos para a súa reutilización.

2. O Ministerio da Presidencia, por proposta do Comité Sectorial de Administración Electrónica previsto no artigo 40 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, aprobará as normas técnicas de interoperabilidade e publicaráas mediante Resolución da Secretaria de Estado para a función pública. Para a redacción e o mantemento das normas técnicas de interoperabilidade indicadas no número 1 constituiranse os correspondentes grupos de traballo nos órganos colexiados con competencias en materia de administración electrónica.

3. Desenvolveranse os seguintes instrumentos para a interoperabilidade:

a) Inventario de procedementos administrativos e servizos prestados: conterá información dos procedementos e servizos, clasificada con indicación do seu nivel de informatización, así como información acerca das interfaces co obxecto de favorecer a interacción ou, se é o caso, a integración dos procesos.

b) Centro de interoperabilidade semántica da Administración: publicará os modelos de datos de intercambio tanto comúns como sectoriais, así como os relativos a infraestruturas e servizos comúns, xunto coas definicións e codificacións asociadas; proporcionará funcións de repositorio, xeración de formatos para procesamento automatizado, colaboración, publicación e difusión dos modelos de datos que faciliten a interoperabilidade semántica entre as administracións públicas e destas cos cidadáns; enlazarase con outros instrumentos equivalentes das administracións públicas e do ámbito da Unión Europea.

c) Directorio de aplicacións para a súa libre reutilización: conterá a relación de aplicacións para a súa libre reutilización, incluíndo, polo menos, os datos descritivos relativos a nome da aplicación, breve descrición das súas funcionalidades, uso e características, licenza, principais estándares abertos aplicados, e estado de desenvolvemento.

• Letra l) do apartado 1 engadida pola disposición derradeira 1.1 do Real decreto 1495/2011, do 24 de outubro.

• Apartado 1.e) redactado consoante a corrección de erros publicada no BOE núm. 61, do 11 de marzo de 2010.

### **Disposición adicional segunda. Formación.**

O persoal das administracións públicas recibirá a formación necesaria para garantir o coñecemento do presente Esquema Nacional de Interoperabilidade, para cuxo fin os órganos responsables disporán o necesario para que esta formación sexa unha realidade efectiva.

### **Disposición adicional terceira. Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) baseadas en fontes abertas.**

CENATIC, fundación pública estatal, constituída polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través de Red.es, poderá impulsar proxectos de software de fontes abertas dirixidos á mellor implantación das medidas de interoperabilidade previstas neste real decreto e, co obxecto de fomentar a reutilización e facilitar a interoperabilidade, encargarse da posta en valor e difusión de todas aquelas aplicacións que sexan declaradas de fontes abertas polas administracións públicas.

### **Disposición adicional cuarta. Instituto Nacional de Tecnoloxías da Comunicación.**

INTECO, como centro de excelencia promovido polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para o desenvolvemento da sociedade do coñecemento, poderá desenvolver proxectos de innovación e programas de investigación

dirixidos á mellor implantación das medidas de interoperabilidade previstas neste real decreto.

**Disposición adicional quinta. Normativa técnica relativa á reutilización de recursos de información.**

A normativa relativa á reutilización de recursos de información deberá estar aprobada, como máis tarde, o 1 de xuño de 2012.

• Engadida pola disposición derradeira 1.2 do Real decreto 1495/2011, do 24 de outubro.
---

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

**Disposición transitoria primeira. Adecuación de sistemas e servizos.**

Os sistemas existentes na data da entrada en vigor deste real decreto adecuaranse ao Esquema Nacional de Interoperabilidade de forma que permitan o cumprimento do establecido na disposición derradeira terceira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Os novos sistemas aplicarán o establecido neste real decreto desde a súa concepción.

Se aos doce meses da entrada en vigor do Esquema Nacional de Interoperabilidade houber circunstancias que impidan a plena aplicación do exixido nel, disporese dun plan de adecuación, que marque os prazos de execución os cales, en ningún caso, serán superiores a 48 meses desde a entrada en vigor.

O plan indicado no parágrafo anterior será elaborado coa antelación suficiente e aprobado polos órganos superiores competentes.

**Disposición transitoria segunda. Uso de medios actualmente admitidos de identificación e autenticación.**

De acordo co previsto no artigo 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e na disposición transitoria primeira do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, establécese un prazo de adaptación de vinte e catro meses no cal se poderán



seguir utilizando os medios actualmente admitidos de identificación e sinatura electrónica.

## **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

### **Disposición derogatoria única.**

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste regulamento.

## **DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**

### **Disposición derradeira primeira. Título habilitante.**

Este real decreto dítase en virtude do establecido no artigo 149.1.18ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

### **Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento normativo.**

Autorízase o titular do Ministerio da Presidencia para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas de desenvolvemento e execución da lexislación básica do Estado.

### **Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 8 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## ANEXO

### Glosario de termos

**Aplicación:** programa ou conxunto de programas cuxo obxecto é a resolución dun problema mediante o uso de informática.

**Aplicación de fontes abertas:** aquela que se distribúe cunha licenza que permite a liberdade de executala, de coñecer o código fonte, de modificala ou melloralala e de redistribuír copias a outros usuarios.

**Cadea de interoperabilidade:** expresión da interoperabilidade no despregamento dos sistemas e os servizos como unha sucesión de elementos enlazados e interconectados, de forma dinámica, a través de interfaces e con proxección ás dimensións técnica, semántica e organizativa.

**Ciclo de vida dun documento electrónico:** conxunto das etapas ou períodos polos que atravesa a vida do documento, desde a súa identificación nun sistema de xestión de documentos ata a súa selección para conservación permanente, de acordo coa lexislación sobre arquivos de aplicación en cada caso, ou para a súa destrución regulamentaria.

**Custo que non supoña unha dificultade de acceso:** prezo do estándar que, por estar vinculado ao custo de distribución e non ao seu valor, non impide conseguir a súa posesión ou uso.

**Dato:** unha representación de feitos, conceptos ou instrucións dun modo formalizado, e adecuado para comunicación, interpretación ou procesamento por medios automáticos ou humanos.

**Dixitalización:** o proceso tecnolóxico que permite converter un documento en soporte papel ou noutro soporte non electrónico nun ou varios ficheiros electrónicos que conteñen a imaxe codificada, fiel e íntegra do documento.

**Documento electrónico:** información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

Especificación técnica: unha especificación que figura nun documento no cal se definen as características requiridas dun produto, tales como os niveis de calidade, o uso específico, a seguridade ou as dimensións, incluídas as prescricións aplicables ao produto no referente á denominación de venda, á terminoloxía, aos símbolos, aos ensaios e métodos de ensaio, ao envasado, á marcación e á etiquetaxe, así como aos procedementos de avaliación da conformidade.

Especificación formalizada: aquelas especificacións que ou ben son normas no sentido da Directiva 98/34 ou ben proceden de consorcios da industria ou doutros foros de normalización.

Esquema de metadatos: instrumento que define a incorporación e xestión dos metadatos de contido, contexto e estrutura dos documentos electrónicos ao longo do seu ciclo de vida.

Estándar: véxase norma.

Estándar aberto: aquel que reúne as seguintes condicións:

- a) Que sexa público e a súa utilización sexa dispoñible de maneira gratuíta ou a un custo que non supoña unha dificultade de acceso.
- b) Que o seu uso e aplicación non estea condicionado ao pagamento dun dereito de propiedade intelectual ou industrial.

Familia: enténdese por tal a agrupación de procedementos administrativos atendendo a criterios xenéricos de similitude por razón de esquema de tramitación, documentación de entrada e saída e información, deixando á marxe criterios de semellanza na materia obxecto do procedemento, órgano competente, ou outra información análoga.

Sinatura electrónica: conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante.

Formato: conxunto de regras (algarismo) que define a maneira correcta de intercambiar ou almacenar datos en memoria.

Ferramentas xenéricas: instrumentos e programas de referencia, compartidos, de colaboración ou compoñentes comúns e módulos similares reutilizables que satisfán as necesidades comúns nos distintos ámbitos administrativos.

Imaxe electrónica: resultado de aplicar un proceso de dixitalización a un documento.

Índice electrónico: relación de documentos electrónicos dun expediente electrónico, asinada pola Administración, órgano ou entidade actuante, segundo proceda e cuxa finalidade é garantir a integridade do expediente electrónico e permitir a súa recuperación sempre que sexa preciso.

Infraestruturas e servizos comúns: instrumentos operativos que facilitan o desenvolvemento e despregamento de novos servizos, así como a interoperabilidade dos existentes, creando escenarios de relación multilateral e que satisfán as necesidades comúns nos distintos ámbitos administrativos; son exemplos a Rede de comunicacións das administracións públicas españolas, a rede transeuropea sTESTA, a plataforma de verificación de certificados electrónicos.

Interoperabilidade: capacidade dos sistemas de información e, por tanto, dos procedementos aos cales estes dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles.

Interoperabilidade organizativa: é aquela dimensión da interoperabilidade relativa á capacidade das entidades e dos procesos a través dos cales levan a cabo as súas actividades para colaborar co obxecto de alcanzar logros mutuamente acordados relativos aos servizos que prestan.

Interoperabilidade semántica: é aquela dimensión da interoperabilidade relativa a que a información intercambiada poida ser interpretable de forma automática e reutilizable por aplicacións que non interviñeron na súa creación.

Interoperabilidade técnica: é aquela dimensión da interoperabilidade relativa á relación entre sistemas e servizos de tecnoloxías da información, incluíndo aspectos tales como as interfaces, a interconexión, a integración de datos e servizos, a presentación da información, a accesibilidade e a seguridade, ou outros de natureza análoga.

Interoperabilidade no tempo: é aquela dimensión da interoperabilidade relativa á interacción entre elementos que corresponden a diversas ondas tecnolóxicas; maniféstase especialmente na conservación da información en soporte electrónico.

Licenza Pública da Unión Europea («European Union Public Licence-EUPL»): licenza adoptada oficialmente pola Comisión Europea nas 22 linguas oficiais comunitarias para reforzar a interoperabilidade de carácter legal mediante un marco colectivo para a posta en común das aplicacións do sector público.

Lista de Servizos de Confianza (TSL): lista de acceso público que recolle información precisa e actualizada daqueles servizos de certificación e sinatura electrónica que se consideran aptos para o seu emprego nun marco de interoperabilidade das administracións públicas españolas e europeas.

Marca de tempo: a asignación por medios electrónicos da data e, se é o caso, da hora a un documento electrónico.

Medio electrónico: mecanismo, instalación, equipamento ou sistema que permite producir, almacenar ou transmitir documentos, datos e informacións; incluíndo calquera rede de comunicación aberta ou restrinxida como a internet, a telefonía fixa e móbil ou outras.

Metadato: dato que define e describe outros datos. Existen diferentes tipos de metadatos segundo a súa aplicación.

Metadato de xestión de documentos: información estruturada ou semiestruturada que fai posible a creación, xestión e uso de documentos ao longo do tempo no contexto da súa creación. Os metadatos de xestión de documentos serven para identificar, autenticar e contextualizar documentos e,

do mesmo modo, as persoas, os procesos e os sistemas que os crean, xestionan, manteñen e utilizan.

Modelo de datos: conxunto de definicións (modelo conceptual), interrelacións (modelo lóxico) e regras e convencións (modelo físico) que permiten describir os datos para o seu intercambio.

Nivel de resolución: resolución espacial da imaxe obtida como resultado dun proceso de dixitalización.

Nodo de interoperabilidade: organismo que presta servizos de interconexión técnica, organizativa e xurídica entre sistemas de información para un conxunto de administracións públicas baixo as condicións que estas fixen.

Norma: especificación técnica aprobada por un organismo de normalización recoñecido para unha aplicación repetida ou continuada cuxo cumprimento non sexa obrigatorio e que estea incluída nunha das categorías seguintes:

a) norma internacional: norma adoptada por unha organización internacional de normalización e posta á disposición do público,

b) norma europea: norma adoptada por un organismo europeo de normalización e posta á disposición do público,

c) norma nacional: norma adoptada por un organismo nacional de normalización e posta á disposición do público.

Política de sinatura electrónica: conxunto de normas de seguridade, de organización, técnicas e legais para determinar cómo se xeran, verifican e xestionan sinaturas electrónicas, incluíndo as características exhibibles aos certificados de sinatura.

Política de xestión de documentos electrónicos: orientacións ou directrices que define unha organización para a creación e xestión de documentos auténticos, fiables e dispoñibles ao longo do tempo, de acordo coas funcións e actividades que lle son propias. A política apróbese ao máis alto nivel dentro da organización, e asigna responsabilidades en canto á coordinación, aplicación,

supervisión e xestión do programa de tratamento dos documentos a través do seu ciclo de vida.

Procedemento administrativo: proceso formal regulado xuridicamente para a toma de decisións por parte das administracións públicas para garantir a legalidade, eficacia, eficiencia, calidade, dereitos e intereses presentes, que termina cunha resolución na cal se recolle un acto administrativo; este proceso formal xuridicamente regulado impleméntase na práctica mediante un proceso operativo que coincide en maior ou menor medida co formal.

Proceso operativo: conxunto organizado de actividades que se levan a cabo para producir un produto ou servizo; ten un principio e un fin delimitados, implica recursos e dá lugar a un resultado.

Repositorio electrónico: arquivo centralizado onde se almacenan e administran datos e documentos electrónicos e os seus metadatos.

Selo de tempo: a asignación por medios electrónicos dunha data e hora a un documento electrónico coa intervención dun prestador de servizos de certificación que asegure a exactitude e integridade da marca de tempo do documento.

Selaxe de tempo: acreditación a cargo dun terceiro de confianza da data e hora de realización de calquera operación ou transacción por medios electrónicos.

Servizo de interoperabilidade: calquera mecanismo que permita ás administracións públicas compartir datos e intercambiar información mediante o uso das tecnoloxías da información.

Soporte: obxecto sobre o cal ou no cal é posible gravar e recuperar datos.

Trámite: cada un dos estados e dilixencias que cómpre percorrer nun negocio ata a súa conclusión.

Uso xeneralizado polos cidadáns: usado por case todas as persoas físicas, persoas xurídicas e entes sen personalidade que se relacionen ou sexan susceptibles de se relacionaren coas administracións públicas españolas.